

Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Nelly Condori-Fernández, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 01/10/2025 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

Punto 1: Aprobación das actas das convocatorias anteriores

A Comisión Permanente aproba as actas de 8 convocatorias anteriores celebradas os días 27 de xuño de 2023, 25 de outubro de 2023, 12 de decembro de 2023, 05 de febreiro de 2024, 14 de febreiro de 2024, 22 de febreiro de 2024, 08 de marzo de 2024 e 22 de marzo de 2024.

Punto 2: Modificación de horarios de Grao curso 2023-2025

A Comisión Permanente aproba as seguintes modificacións nos horarios do:

GREQ, créase un novo grupo para Electrotecnia (1º curso, 2º cuatrimestre) e reaxústanse os horarios das prácticas en Expresión Gráfica, Laboratorio de Transporte de Fluídos e Química Orgánica.

GRIA, reorganízase a docencia teórica e práctica en 3º curso (1º cuatrimestre) e modifícanse os grupos de prácticas en 1º e 3º curso (2º cuatrimestre).

Punto 3: Solicitudes de dispensa de asistencia a clase

A Comisión Permanente ratifica a proposta da comisión de título de conceder a dispensa de María Miramontes Souto (Máster en Enxeñaría Ambiental) para as materias Retos emerxentes no tratamento de augas e Tratamento de efluentes gasosos, en termos usuais.

A Comisión Permanente tamén ratifica conceder a dispensa de Pablo Ferreño Godoy (Grao en Enxeñaría Química) para sete materias, con condicións específicas para cada unha.

Por outro lado, a Comisión Permanente ratifica a denegación da solicitude de Marta Bello López (Grao en Intelixencia Artificial) por traballo como residente en Análises Clínicas no Hospital de Vigo, argumentando que a solicitude non cumpre co marco normativo da USC e non acredita as circunstancias para a concesión. A Comisión suxire matrícula a tempo parcial.

Punto 4: Solicitude de recoñecemento de actividades como créditos ECTS para titulacións de grao da ETSE

A Comisión Permanente aproba o recoñecemento de actividades para o alumnado dos Graos en Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial, así como do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas, na Aula Profesional ETSE durante o curso 2024-25, a razón de 1 ECTS por cada 25 horas, ata un máximo de 3 ECTS.

Tamén se aproba o recoñecemento da actividade “Voluntariado no equipo organizador do congreso ECAI 2024” por 1 ECTS correspondente a 25 horas de dedicación

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Nelly Condori Fernández

Secretaria Académica da ETSE